

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Xuño 2008

NOTA DE PRENSA

En xuño de 2008 os prezos dos bens exportados en Galicia diminuíron en termos interanuais un 0,2% e os dos bens importados aumentaron un 2%

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia diminuíron un 0,2% en xuño de 2008 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron un incremento interanual do 2,0%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados creceron un 1,7% e os dos importados un 7,0%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo foi do 7,9%, do -1,5% para os bens intermedios e do -1,8% para os bens de consumo.

Nas importacións, os prezos dos bens intermedios aumentaron con respecto a xuño de 2007 un 10,4%. Pola contra, os prezos dos bens de consumo e de equipo diminuíron un 12,1% e un 37,6%, respectivamente.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xuño 2008

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	Do mes	Da media do que vai de ano		Do mes	Da media do que vai de ano
ÍNDICE XERAL	-0,2	1,7	ÍNDICE XERAL	2,0	7,0
Bens de consumo	-1,8	0,6	Bens de consumo	-12,1	-2,6
Bens de equipo	7,9	-0,9	Bens de equipo	-37,6	-9,4
Bens intermedios	-1,5	4,0	Bens intermedios	10,4	12,3

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 0,3% nos prezos de bens con destino aos países non pertencentes á OCDE e unha diminución do 0,9% para os bens con destino a Unión Económica e Monetaria e a UE-25.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países non pertencentes a OCDE incrementáronse un 15,0%. Os prezos dos bens con orixe en países pertencentes á UE-25 diminuíron un 10,3%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xuño 2008

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	Do mes	Da media do que vai de ano		Do mes	Da media do que vai de ano
UEM	-0,9	1,5	UEM	-9,5	0,5
UE-25	-0,9	1,3	UE-25	-10,3	0,3
OCDE	-0,4	2,0	OCDE	-5,4	4,1
Resto de países	0,3	-1,4	Resto de países	15,0	12,9

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>